

Joxemiel Bidador

Os clásicos da imaxinación na literatura vasca. Escritores eclesiásticos facendo uso da imaxinación: breve antoloxía.

Limiar

Os clásicos da imaxinación fantástica na literatura vasca, a proposta é esa. E non é tarefa insignificante, non! De feito, disque nós os vascos non gustamos en exceso do uso da imaxinación. Sarrionandia sobre esta cuestión escribiu o seguinte: "O vasco estivo a favor da imaxinación, nunca se volveu cara a imaxinación. O vasco non habita a imaxinación. A arte vasca e a literatura vasca, como o mesmo pensamento vasco, son abstractos e escasos (...). Na historia da literatura vasca, como na pintura, é sorprendente a pouca voluptuosidade e imaxinación que aparece, e a pouca cor. Tanto nos clásicos como nos novos(1)".

De gran sabedoría son estas palabras de Sarri, e se reparamos na nosa vella literatura, ben a feita en euskara ben a feita en erdara(2), veremos doadamente que verdadeiras son as palabras de Sarri, e que poucas son as excepcións. Por traer un exemplo, mencionaremos Vida del Capitán Juan Lanás do tudelano Jose Yanguas Miranda, impreso en 1845 na casa dos Baroja en San Sebastián. Hoxe en día Yanguas é coñecido pola súa contribución histórico-política, por ser arquivista e secretario da Deputación de Navarra, e como era liberal, por o traballo feita en favor dos foros. Así e todo, tivo tempo dentro dese cuantioso currículo para unha novela fantástica. No mesmo limiar Yanguas serviuse dunha artimaña literaria para presentar a obra, e dicía ao lector que se trataba dun manuscrito achado en París. Nese manuscrito contábanse as andaduras do aragonés Juan Lanás, soldado que estivo ao mando do cruel guerrilleiro Eguaguirre de Mendigorri na época de afrancesamento, e contábase mesmo a viaxe ao sol que fixera tras a guerra. De todos os xeitos, se menciono este libro de Yanguas, é pola páxina ofrecida en euskara, dado que o capitán Lanás estaba preso no sol, saíu da cela polo ferrollo da porta, coa axuda dunha bruxa e coa axuda dun conxuro que lle ensinou a bruxa. É esta unha cousa curiosa, de seguro o único texto vasco vencellado directamente á nigromancia dende que comezara a nosa literatura en 1545 até tres séculos despois:

"Señor e dono, e amo maior dos infernos, valente refuxio e valiosa axuda para os teus servidores, non o deixes en grave apuro, neste lance, posto que o teu sabio corazón ten escoitado sinceramente e ten gardado a miúdo ao infeliz mortal miserable que está sendo perseguido; e fai todo o que poidas para que este o teu servidor humilde de Adarreko Lepo mostre un pouquiño de firme forza que ninguén poida abater, coa que tes amparado sempre mofácheste das inxustizas dos habitantes das Estrelas (inimigos do civismo) pelexaches en van no seu favor, pero con moita honra, no terríbel día das revoltas dos librepensadores, contra a Autoridade tortuosa orgullosa dos reinos asoballados".

Salvo algunha excepción, ora ben, retomarei o tema, e o primeiro paso, marcar os lindes. Para empezar, cales son os clásicos da literatura vasca? Non é un mal tema para o próximo Galeusca. É dicir, pode ser que obras que eu entendo como clásicas outros non as consideren nin literatura. Con todo, non é hoxe por hoxe Obabakoak de Atxaga o

noso clásico máis clásico? Pero segundo parece cando dicimos clásico queremos dicir vello, e que trátase dos escritores precursores de séculos anteriores mencionados nos manuais habituais. Eu, polo menos, entendín o tema dese xeito, e vou falar dende eses lindes. É dicir, mesmo sabendo que o eido do clásico pódese entender doutro xeito, e que o uso da imaxinación é máis propio aos escritores do século XX, é preferido referirme a escritores de séculos anteriores e pescudar nas súas obras. Dificil traballo por mor de que a maioría deses vellos escritores, case todos, bosquexaron textos de tema relixioso, que a priori non dan lugar a fantasía.

É verdade, que a literatura eclesiástica clásica non ten sido moi valorada entre nós, aínda menos cando non se valora a súa parte lingüística. Que ten de interesante, poren, o Novo Testamento de Leizarraga salvo a lingua? Pero a literatura de tema relixioso, ademais de ser a principal manifestación na nosa literatura, é tamén moi extensa, e á beira de un gran número de traducións, que tamén tiveron a súa importancia dende un punto de vista literario, houbo tamén outras obras, doutrinas, libros de ascética, sermones, etc. Todas as obras non ofrecen o mesmo espazo á fantasía, á imaxinación, pero ao estar escritas para pobo chan, os escritores tiveron que deixar máis espazo á imaxinación, sobre todo nos exemplos, nesas exempla, é dicir, nos acontecementos, nos contos curtos, nas narracións, isto é, nos anecdóticos.

É evidente que todas esas historias contadas polos clérigos non eran creadas por eles, de ningún modo, e na maioría dos casos recolléronse de algures. Estaríamos por conseguinte ante a técnica da amplificación. As fontes serían numerosas, e nos seminarios, mosteiros e conventos tiñan grandes bibliotecas para se nutrir de contos sagrados. No que se refire á literatura, non se debe esquecer o importante que é o nutriente do escritor, é dicir, o traballo do escritor reside máis na reprodución que na produción, incorporando as vellas producións de palabras a novas situacións, e o que se dá é unha nova versión de cousas escoitadas. Polo tanto, o labor literario de aqueles escritores eclesiásticos non se pode obviar.

Tentando afastarse de Trento: as historias de Tartas

Juan Tartas foi fillo dun labrego dabondo rico de Sohüta, tras ser o prebendado da igrexa de Oloroe, e foi rector de Arue. O primeiro precursor do suletino literario, son dúas as obras que publicou no século XVII en Orthez, as dúas de tema eclesiástico: *Ontsa hiltzeko bidia* [Camiño para morrer ben] (1666), e *Arima penitentearen okupatione debotak* [As ocupacións devotas dunha alma penitente] (1672). Hai uns doce anos que o euskaltzaina Patxi Altuna publicou unha edición renovada do primeiro libro de Tartas(3). Para dar a benvida a esta edición a crítica literaria do xornal Euskaldunon Egunkaria publicou a breve reseña "Un clásico de verdade", onde ademais de subliñar o interese filolóxico do suletino, tratáronse outros aspectos literarios: "Non é unha obra que deba lerse como literatura. Quen estea na procura de literatura non atopará nestas páxinas pracer algún". E desgrazadamente aínda está vixente entre nós esta desacertada opinión. Ora ben, hai nos nosos clásicos intereses literarios, que están aí preparados para ser lidos, na nosa espera. A cousa é que non temos aprendido a colocar os textos nos seus contextos, contextualizándoos. Ou mesmo descontextualizándoos. Eu non pasaría pola criba dos valores literarios actuais un texto clásico sen ter en conta o seu

contexto, pero asemade, coñecendo o contexto e téndoo en conta, somerxeríame sen reparo ningún na literariedade do texto, deixando de lado o contexto, na procura da ficción, na procura da beleza, esperando o xogo de palabras, na maneira de que as historias que cheguen poidan morfinar a miña realidade.

Un dos valores que se ten recoñecido a Tartas, é a súa intertextualidade, é dicir, as moitas fontes que ten usado para escribir os seus libros, as diferentes orixes das historias que nos conta. Disque o concilio de Trento mutilou as ás da imaxinación aos clérigos dos pobos. Segundo parece, até ese momento os clérigos facían uso dunha fervente imaxinación, para facerlles entender e crer aos humildes oíntes no que eles querían mediante contos e narracións. Por non poder admitir esa desmesura, a seriedade da contrarreforma impulsou o clérigo culto, quen deixou de lado o anecdotario, e que achegábase máis ás verdades teolóxicas. O principal exemplo disto é o gran Axular de Urdazubi, o escritor do libro máis célebre da literatura vasca. Non era Tartas modelo directo deste, e semella ser un dos últimos escritores clérigos do rexurdimento. O mesmo Mitxelena non tivo moi boa opinión do suletino: "Comparado con Axular, la erudicción que despliega Tartas resulta ociosa y extravagante, lo exagerado y lo tremendo".

CERCO

Un castelo e pazo fermoso e forte, inimigos fóra dando rodeos, para cando o teñan cercado tomalo con violencia ou con composición, e para ser a maioría ou o amo del, se houbera dentro deste castelo e pazo unha boa guarnición para a guerra, e numerosa munición de boca, e un capitán á cabeza, e se os soldados son valentes e pensantes, para defenderse ben, e para atacar ben, os de dentro burlaríanse dos de fóra, e por fin, o castelo, pazo fica en honor, e o inimigo, tendo perdido o seu esforzo e o seu tempo, cheo de deshonra, retírase coa súa xente. Pero se nese castelo non houbera armas, se non houbera que comer e beber, se non houbera capitán e soldados, e se os houbera pero non fosen valentes e pensantes, e fosen folgazáns e sen corazón, adeus ao castelo, adeus ao pazo, Ville gaignée, terán tomada a cidade, os inimigos farán do pazo, e do castelo o que quixeren. É a nosa alma, un castelo e pazo fermoso e forte, e en todo momento este castelo, está sendo cercado por dentro e por fóra, está sendo atacado con furia, e sen repouso, e son os seus inimigos, o demo, o mundo, a carne, e outros inimigos visíbeis, e invisíbeis, a guerra dende fóra, e dende dentro, eses malvados inimigos, a ese fermoso pazo, a alma, fanlle como lles fan ás ovellas o furioso león, e o famento lobo.

O ESPAÑOL E O CAN

Un día un español atopouse un can nunha porta, e ao pasar o can mordeu ao español da perna por non defenderse moito ben. Outro día o español atopou de novo durmido a ese mesmo can na porta, e como levaba unha espada nas costas, sacouna da vaina e matou dun golpe ao can, e cando veu que o can estaba morto, ou a morrer, díxolle ao can na súa lingua o español, Inimigos tienez é dormés, que quere dicir na nosa lingua en euskara, tes inimigos e estás durmido. Tiña razón o español ao dicir iso, porque quen ten inimigos non debe durmir, e debe estar esperto, para asexar por onde vén o día, ou a noite, para lle atacar.

COMPARANDO A MORTE

A morte e o lobo son o mesmo, como o lobo, come, engule, e devora, pero non se sacia con nada, canto máis come máis quere, entre todos os animais é un dos máis tragóns e con máis gula, que non se sacia con nada.

A morte, semella unha víbora tipo de mala serpe. Segundo din os que falan desa serpe, as súas crías, cando se concibe no ventre da súa nai, e cando xa está formada, non esperan o intre do nacemento, operación que precisa a natureza, e método ordinario, pola contra, facendo co seu bico un burato no ventre da súa nai, e quebrándoo, nacen sen hora, e ao nacer matan a súa nai, e vaille de aí o nome a esta serpe, Vipera, quasi vi, pariens, vípera que xurde por violencia ou á forza.

A morte, can rabioso, semella malvada cando o can morde á xente ou gando, lévase unha parte e quita unha parte, pero non se leva todas as pezas e se o can está rabioso, goza mordendo e corrompendo coa súa mordedura, de tal maneira que se non molla na auga do mar, e se despeza, colle a rabia e se morre, e desta maneira, a morte morde ao home e a muller, e gozando da súa malvada mordedura, e corrompéndoo pásalle unha parte ao home e mátao, e quítalle a outra parte enteira, non o palpa, o corpo lévao moi doadamente, e non pode coa alma, sen tocala, quítala enteira, porque é inmortal de natureza, e non pode morrer, por iso a morte ten o nome, Mors à morsu, siuè à mordendo, e a mordedura que fai no corpo, é tan cruel e velenosa, que é incurábel, non hai auga, nin mar, nin contraveleno que poida curar a súa ferida, e golpe, ora sexa un Padre Santo e Cardinal, ora sexa Rei, Príncipe ou labrego, rico ou pobre, se ese can tenlle mordido morrerá, non vos confundades, tede en conta a mordedura dese can, desta ten dito o Poeta; Mors aequo pede pulsat pauperum tabernas, regumque turrets, da mesma maneira, e perde do mesmo xeito, e arruína as chozas e cabanas dos pobres, como as torres e pazos castelos de reis, non hai diferenza, nin reservas, nin privilexios entre ricos e pobres.

O florecemento do século XVIII: o achegamento dos xesuítas

En Hegoalde e tendo como impulso o labor de Larramendi, na importante contribución dos escritores eclesiásticos do século XVIII hai pouco lugar para a imaxinación. Velaí a vasta produción de Kardaberaz, na que non haberá lugar para anécdotas fantásticas. Pero máis alá dos libros, houbo un eido que seguiu sendo axeitado para o uso da imaxinación: os sermóns. Son poucos os traballos de Larramendi escritos en euskara, aínda que eses poucos traballos sexan de gran calidade, e é innegábel a importancia que tivo o escritor de Andoain nos demais escritores desa xeración. Velaí un anaco do sermón que se preparou para o día de San Agustín en Azkoitia en 1737:

AS TORTURAS DOS MÁRTIRES

Recordemos os tormentos escoitados ou lidos dos mártires: que grandes foron aqueles, que fortes, que terríbeis: algúns deles descabezados, outros arrastrados en espiñas de espiñeiro, algúns marcados por sacudidas, outros axitados en ardente chumbo fundido, algúns queimados no fogo, outros afogados en pozos xeados, algúns cuarteados, outros partidos, algúns despedazados, outros feitos pedazos, batidos, partidos, e outras tantas

maneiras de morrer.

OS GOLEMS DE PROMETEO

Segundo din os contos, Prometeo creou a homes e mulleres mesturando area e terra, e para poder prendelos e darlles vida, rouboulles ao sol e á luz. Non fixo cousa semellante o noso padre San Agustín...(4)

Pero ao falar de sermóns non facemos referencia soamente ao traballo de rectores, senón ás prédicas pechadas dos misioneiros apostólicos. O mesmo Larramendi louvou a escola de misioneiros que tiñan os franciscanos en Zarautz, pero a responsabilidade da misión apostólica non estaba nas mans dos franciscanos unicamente, e os xesuítas tamén traballaron duro. O máis coñecido foi Sebastián Mendiburu, o nomeado Cicerone vasco, que viviu no convento de Iruñea, e que predicou en moitas vilas de Nafarroa. Aínda que non nos chegou toda a súa produción literaria, e iso que foi abundante, entre as obras traducidas salientan os traballos que en 1747 e en 1759-1760 espallaron a devoción do Corazón de Xesús. Na antoloxía de literatura que prepararon Mendiguren e Izagirre(5) recóllese a parte intitulada "Sorginketako gauzak" [Cousas de bruxería], "literatura de terror ao servizo da catequeses". Recollín aquí unha parte dunha das lecturas de San Francisco Javier:

A LIMOSNA DO SOLDADO

Uns rateiros de mar deixaron sen un penique a un soldado que tiña algo de patrimonio, e como temeu perder a vida saltou do barco ao mar, e a nado conseguiu achegarse á costa, e cubriuse desa maneira, e un día que estaba a mendigar atopouse con S. Francisco Javier que daquela andaba a predicar por aí, e pediulle algo no nome de Deus. Posoulle a man no lombo con compaixón, "non teño ningunha moeda" contestoulle San Francisco Javier, e dirixindo a ollada ao ceo, rezou algo e díxolle ao pobriño necesitado, "que Deus mesmo che dea todo o que precisares". Tras escoitar iso da boca do Santo, saudoulle e marchou cara as feiras para tentar achar alí o que non achara, e non pasou moito tempo sen telo achado; porque ao se afastar do lado do Santo, este chamouno, e segundo marchou do seu lado, Deus fixo ou deixou no peto do Santo unha chea de cartos, e meteu a man e sacou cincuenta de ouro e prata dun tipo de cartos non feitos no mundo, e deullas ao pobre soldado e díxolle, "velaí a limosna que vos manda Deus, bo proveito, pero mira ben quen a manda, e nin palabra aos mundanos". Mais o soldado, colleuno e era tal a súa ledicia que comezou a berrar, "milagre, milagre!"; e dicindo isto andaba ledado dun lado a outro. "Home, cal é o milagre?", preguntábanlle os que escoitaban, "o que hoxe ti partes?". "Mirade", contestou, "San Francisco Javier acolleuse ás miñas necesidades". "Home, que fixo contigo?". "Mirade", contestou "para saciar as miñas necesidades deume esta chea de cartos que aínda non se chegou a ver no mundo" e mostroulles os cartos. Miraron eses novos cartos, e todos os mercantes e as xentes que sabían de cartos dixeron que non había no mundo diñeiro dese xeito, e non de tan bo ouro e prata, e colleron iso como devoción e déronlle outro tanto e máis dos cartos que circulaban e incrementouse a limosna-milagre de San Francisco Javier para o pobre soldado(6).

Cando Carlos III. Rei ilustrado de España prohibiu a Compañía de Xesús en 1767 Joatxin Lizarraga estaba a se preparar para ser xesuíta en Villagarcía de Campos. Ao

comezo tomou camiño á Boloña, pero de súpeto tornou á súa terra, e aí, en Elkano, unha vila a dez kilómetros de Iruñea, pasou a súa vida como rétor até que morreu en 1835. Foi un dos escritores máis prolíficos de Navarra, aínda que non publicou nada en vida, pero os seus manuscritos encheron máis de cinco mil follas. No que se refire ao euskara, recoñecendo a paternidade-intelectual de Larramendi, Lizarraga levou á parroquia o traballo dos misioneiros xesuítas, tendo escrito gran número de doutrinas, sermóns, haxiografías e bertsos.

O XUÍZO DE BALTASAR

Estando O Rei Baltasar nun postre dunha cea, esquecendo a Deus e a súa alma, brindando, embebedándose, facendo tolerías, entremetres os ministros de Xustiza de Deus estaban a pesar nunha balanza a ese impresentábel, e achárono pobre e escaso en boas obras, para contrapesar os seus pecados. E para notificarlle a sentenza, cando menos o esperaba, apareceron na parede contra ás velas uns enfermos escribindo tres letras, para lle notificar a sentenza que merecía. Nunha delas dicía, Thecél, é dicir: pesado fuches na balanza de Deus e acháronte escaso en boas obras(7).

Testemuñas escritas dos misioneiros de Zarautz

Mencionamos xa a escola dos misioneiros apostólicos de Zarautz. A principal tarefa dos franciscanos que vivían nesta casa era ir de vila en vila impartindo misións, unha tarefa que en Europa xa estaba a minguar, pero unha actividade que entre nós mantíñase con moita forza. Entre os frades máis coñecidos que estiveron en Zarautz cómpre mencionar a Frantzisko Palacios de Oñati, escritor de varios libros en castelán, e mesmo de varios sermóns en euskara, que aínda hoxe seguen sen ser publicados. Un dos compañeiros de Palacios era o tradutor e franciscano Pedro Antonio Añibarro. Un dos antecesores do bizcaíno, estando vivo publicou uns catro libros, e tras a súa morte publicáronse outros tantos, entre eles a gramática e o dicionario. De todos os xeitos, o seu traballo máis sólido segue sen ser publicado, un manuscrito xigante de unhas mil follas, Misionari euskalduna, kristau dotrina eta sermoiak bizkai-errietan irakasten [O misioneiro euskaldun, ensinando a doutrina cristián en vilas de Bizkaia].

O CASTIGO DO BAILARÍN

Un mozo ao que lle gustaba a danza, tendo escoitado de boca de predicadores que os bailes eran camiño, e porta segura ao inferno e raíz de moitos dos pecados, cunha ousadía vergonzosa dixo: sexa como for, e diga o que quixer esta ríxida prédica, eu digo e penso que os bailes non son pecado, que non hai perigo neles; que son divertimento e xogo inocente, non o deixarei. Dixo isto, e foise a bailar, e aí mesmo á vista de toda a xente caéuselle unha pena enriba, esmagouno, fendeuno e a terra tragouno(8).

Entre os misioneiros que estaban en Zarautz con Añibarro cómpre mencionar ao bilbaíno Mateo Zabala, que estivo na escola dende 1815 até 1840. Coñecido polos seus traballos gramaticais e bibliográficos, e polas fábulas que creou, deixou gran número de sermóns, sermóns que Villasante reuniu en dous volumes. Os tres manuscritos que gardan os sermóns estaban en diferentes lugares, e este anaco recolleuse do gardado no convento dos franciscanos de Jerusalem.

INFERNO

O gran sabio e santo home Buda di que na zona de Norunbria morrera un home chamado Dritxelmo, e que despois renacera neste mundo de novo. Mentres estivo morto Deus ensinoulle o duro inferno e os seus lumes, e todo o que hai por ver alá. Falaba sobre as terríbeis sombras que tivo que ver, dicir nada dicía, pero apreciábase moito ben na súa vida que tiña visto en algures unhas cruexas terríbeis, porque a calquera asombraba o xeito de vivir deste home, duro a máis non poder. Meteuse nun convento, e fixo duros e longos xaxúns; durmiu enriba de duro chan, levaba silicios terríbeis no corpo, na cintura, por outra parte, usaba unha cadea de ferro chea de pequenas agullas por todas partes. Rompiáase a pel con crueis azotes, co corpo cheo de sangue quente. E se alguén lle preguntaba por que era tan duro consigo mesmo, contestaba: vin cousas máis duras que estas noutro lado. En pleno inverno acostumaba a estar no río á par do convento xeadado, partindo unha forte xeadada dun lado, alí ficaba co hábito e todo até o luscofusco; e mesmo saíndo de aí non mudaba o vestido; e se alguén dicía algo contestaba: eu coñecín fríos máis terríbeis que estes noutro lado(9).

Dous clásicos de Bizkaia

Entre os primeiros escritores de Bizkaia tivo gran importancia Juan Antonio Mogel, un obstinado abade pero un home de formación ilustrada, un home que quería tanto ser investigador da inquisición como escritor de fábulas, e tamén escribiu o tan coñecido Peru Abarka, unha obra que moitos consideran a primeira novela vasca, unha novela que parte do modelo do bo salvaxe. Segundo Jon Kortazar, era un escritor neoclásico de ideoloxía tradicional. O primeiro traballo que publicou trataba sobre a confesión, en 1800, en gipuzcoano. Tres anos despois publicou este mesmo traballo en bizcaíno, cun agarimoso limiar de Añibarro.

O ARREPENTIMENTO DE PELAIO

Un mozo chamado Pelaio, un día pecou cunha ovella. A súa conciencia, non lle daba tregua; arrepeniuse enseguida, pero dáballe vergonza confesarse. O Malvado pensou que a dura penitencia o salvaría sen confesión. Pechouse na soidade dun convento; colleu alí o hábito. Considerábano home de gran virtude polas súas longas oracións, retiros e grandes penitencias. Pero a serpente estaba dentro, e a conciencia berraba dicindo: Pelaio, son en balde todas as túas penitencias se non confesas o teu pecado. Con todo iso, cada vez éralle máis difícil ir a se confesar, porque o tiñan por santo. Até chegar o día da súa morte. Fixeron o seu enterro, e os seus amigos frades pensaron que faría grandes milagres tras ter morto. A seguinte noite un cristián atopou o seu corpo soterrado enriba da sepultura, e levouno de novo baixo terra. Ao día seguinte atopouse de novo o corpo fóra da sepultura, e asustado informou ao superior do convento. Este baixou con outros frades ao lugar onde estaba o corpo, e preguntou así: Pelaio, sendo tan humilde na túa vida, e home de palabra, cóntame, que queres? Que significa que saias da sepultura e esteas fóra? Desexas que che deamos sepultura de novo con máis honra? E contestou o defunto: Ah, miña perdición! Estou condenado para sempre. Non precisa lugar santo o meu maldito corpo. Estou no inferno, e estarei para sempre. Fixen pecado cun gando antes de tomar o hábito; non serviron para nada todas as miñas penitencias. É vontade de Deus soterrarme como se fora un vulgar animal(10).

Jose Antonio Uriarte fixose tamén franciscano. Polas exclaustacións, estivo sobretodo

como misionero en Markina. Gran colaborador do Príncipe Bonaparte, entre outros traballos fixo a tradución de toda a Biblia ao gipuzcoano. De todos os xeitos, publicou o seu primeiro libro antes de coñecer a Bonaparte. Velaí este breve conto.

O MONO DO LETRADO

Había un letrado que vivía en Venecia, enriquecido polo diñeiro conseguido dun mal xeito, e por iso, Deus estaba enfadado e enfurecido. Non tiña case nada bo, coa excepción de que dedicáballe a María todos os días unha oración: e por esta pequena devoción a bondade e compaixón de María librouno da morte. Mirade como pasou. Este home sabio fixo amizade cun capuchino chamado frei Mateo Baso, e un día pregoulle e pregoulle que fora a súa casa, e ao final, foi. Ao chegar a casa díxolle o sabio: Padre, quérolle ensinar unha cousa que nunca mirou. Eu teño un mono milagreiro, que me sirve como se fose un servo: límpame os botes, pon a mesa, ábreme a porta... Contestou o relixioso Padre: de seguro que isto non é un mono, terá que ser algo máis.... trae o mono. Chámao, por segunda e terceira vez, buscan ao mono por todas partes, pero non había mono en ningures. Ao final, atopárono escondido debaixo da cama, nun recuncho da casa: pero non puideron sacalo. E díxolle o relixioso, imos nós onde el: achegáronse, e díxolle: maldita besta do inferno: mándote en nome de Deus que nos digas quen es e que fas aquí. E responde o mono, que é o demo, e que está a espera de que ese pecador deixe de dedicar un día o rezo a María, para mandalo ao inferno; que Deus lle tiña dado o dereito de afogalo nun intre, e de quitarlle a vida. Tras escoitar isto, comezou a chorar o letrado aos pés do servo de Deus, na procura de axuda: que o curara que saíría desa casa sen facer mal a ninguén: douche dereito unicamente para tirar esa parede, díxolle, para que coñezamos o que vai saír. Ao rematar estas palabras, a parede fendeuse, e nunca conseguiron pechala nin por moita cal e pedra que empregaron, por desexo de Deus. Ao final puxo nese buraco unha imaxe do Anxo. O letrado curouse e pensouse que tería boa vida. Velaí cando vale rezar a Madre(11).

Un exemplo do gipuzcoano

Juan Bautista Agirre naceu en Asteasu en 1742 e foi abade desa vila dende 1770 até 1823, cando morreu. Tivo relación con máis escritores desa época, como Mendiburu, Añibarro e Mogel, polo menos, e hoxe en día, tense por moitos como un dos mellores escritores clásicos. A súa ampla obra publicouse en dúas veces, en 1803 e tras morrer, en 1850, sempre co título Erakusaldiak. Na segunda publicación apareceron os discursos feitos para a misa.

UNICORNIO

Andaba un mozo por seu camiño e escoitou unhas pisadas de alguén que viña velozmente. Mirou, e veu como lle seguía un terríbel animal con un único corno. Comezou a correr con todas as súas forzas, pero seguíalle o unicornio, enchendo todos os recunchos do camiño cos seus berros. Atopou unha cova e métese. Nunha esquina da cova había un álamo coas ramas abertas. Colleuse ou pegouse a elas e ficou pendurado nelas. Estando así, mira cara riba e decátase de que o unicornio está enriba da cova esperándoo. Mira ao álamo e ve que hai dous ratos coméndose as raíces, un branco, outro negro. Estaba en grave perigo este home que estaba pendurado. Pero, de todas maneiras, foi tolo e torpe, sen responsabilidade algunha, porque achegábase a unhas doces gotas que baixaban das follas da garza e levábaas á boca. Pódese inventar

insensatez como tal?(12).

NOTAS

1. Joseba Sarrionandia, Ni ez naiz hemengoa [Eu non son de aquí], Iruñea, Pamiela (1985), 2006, pp. 147-148.
2. Nota da tradutora: o termo erdara refírese ás linguas que non son o euskara.
3. Iuan Tartas, Onsa hilceco bidia, Deustuko Unibertsitatea, 1995, preparada por Patxi Altuna.
4. Manuel Larramendi, Euskal testuak, 1990, preparado por Patxi Altuna e Joseba Lakarra, pp. 50 e 71.
5. Xabier Mendiguren & Koldo Izagirre, Euskal Literaturaren Antologia, DBH-Batxilergoa, Donostia, Elkarlanean, 1998, 167-168 or.
6. Sebastián Mendiburu, Euskaldun onaren biziera, Iruñea, 1762.
7. Rosa Miren Pagola, Bonaparte ondareko eskuizkribuak, Hegoaldeko goi-nafarrera 1, Bilbo, Deustuko Unibertsitatea, 1996, 379 or. (De correspondenti satisfactione, 1781)
8. Joxemiel Bidador, "Pedro Antoñio Añibarro aitaren Misionario euscalduna liburuan dantzei buruz dakartzan 66 eta 67 doktrineak bere adibideekin", Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra, 61, 1993, 39 or.
9. Mateo Zabala, Sermoiak I, Bilbo, Euskaltzaindia, 1996, preparado por Koldo Villasante, 257 páx.
10. Juan Antonio Mogel, Konfesino ona edo zenbait gauzak lagundu biar deutseen konfesinuari ondo egiña izateko, Gasteiz, Fermin Larunbe, 1803.
11. Jose Antonio Uriarte, Marijaren illa edo maijatzeko illa, Bilbo, Delmas, 1850.
12. Juan Bautista Agirre, Erakusaldiak, antologia, Donostia, Klasikoak<(i>, 1999, Fidel Altunaren edizioa, 212. or.

(Traducido do vasco por Iratxe Retolaza, José Luís Padrón i Xoan Alonso).